




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costas de Touriñán e Fisterra. Municipio: Fisterra. Parroquias: San Vicezo de Duio. Extensión: 0,73km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Os montes de Castromiñán e Denle precipítanse ao mar a través de grandes cantís rochosos, cuxa pendente se suaviza a medida que as ladeiras se aproximan á cima.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Case toda a unidade está incluída no Dominio hercínico, cun granitoide migmático, que conta con nebulitas en case toda a unidade. No alto da ladeira meridional aparecen xistos e paragneis precámbrico-silúricos, pertencentes ao Dominio Migmatítico das Rochas hercínicas, Grupo de Laxe.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Costa acantilada incluída dentro do dominio climático Cálido e Húmido: as temperaturas son suaves con valores medios anuais que non baixan de 15°C e a amplitude térmica rolda os 13°C. As precipitacións medias oscilan entre 1200mm e 1400mm ao ano.

OS SOLOS

A natureza acantilada da unidade determina a formación de regosois, solos pouco desenvolvidos sobre vertentes en xeral de forte pendente e nas que con frecuencia aflora o substrato rochoso en superficie, e umbrisois dístricos máis relacionados con tramos de menor desnivel na parte alta da unidade sobre todo en torno aos núcleos de Castromiñán e Denle.

AS AUGAS

Liña costeira acantilada na que a rede fluvial se limita a pequenas valgas costeiras polas que se verten arrosos temporais de escaso caudal. As Augas Costeiras da unidade correspóndense coas do Cabo da Nave (20141).

O PATRIMONIO NATURAL

Case toda a unidade, exceptuando a vertente alta do sueste pertence ao ZEPVN Costa da Morte-LIC Costa da Morte. O hábitat dominante na liña de costa é o 1230 de cantís mariños atlánticos, aínda que aparecen acumulacións de bloques nalgúns sectores que introducen aínda que sexa como testemuño o hábitat 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. As vertentes están dominadas por extensións de matos costeiros secos: 4030, breixos secos europeos; do 4040, breixos secos atlánticos de Erica vagans. Ademais existen valgas húmidas como as de Castromiñán que presentan o ambiente 4020 de breixos húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix. Na parte norte da unidade un manto eólico e dunas remontantes procedentes do complexo do Rostro mestúranse coas formacións arbustivas, polo que poden achegar vexetación típica de duna.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Unidade caracterizada por ser na súa maioría unha paisaxe natural, podendo ter un uso recreativo debido á súa gran calidade paisaxística. Os seus cantís que ocupan toda a zona oeste, permiten debido á súa riqueza acoller un uso marisqueiro como acontece ao longo da bisbarra da Costa da Morte. Na zona centro-este hai unha pequena área de cultivos forraxeiros, contigua ao núcleo de poboación Castromiñán situado na unidade Praia do Rostro. No interior meridional e centro aséntanse manchas de repoboación, principalmente eucalipto, coincidindo coas partes máis elevadas da unidade.

MORFOLOXÍA

A unidade non encerra ningún núcleo de poboación.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Existe unha rede relativamente densa de camiños e sendas que serven de acceso á costa. Desde o centro-este existe unha pista proveniente do núcleo de Castromiñán da unidade Praia do Rostro, esta pista con numerosas bifurcacións permite o acceso rodado ata o límite norte. As zonas de cultivo presentan no seu perímetro vías de acceso rodado e a única vía asfaltada encóntrase no límite sueste, sen dar servizo á mesma.

PATRIMONIO HISTÓRICO

A zona da Costa da Morte, dentro da área atlántica, constitúe un dos centros megalíticos máis importantes de toda Galicia, tanto polo elevado número como pola importancia destes monumentos. A unidade alberga os restos do castro de Castromiñán de Duio, situado en Punta Castelo e perfectamente delineado nos contornos dos cantís do mesmo nome.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade caracterízase por estar escasamente antropizada, está formada por vertentes acantiladas en todo o seu bordo litoral, a continuación séguenlle formacións vexetais costeiras ocupando practicamente a totalidade da superficie. Na zona setentrional encóntrase unha franxa de dunas remontantes moi próximas ao Monte do Castelo. A escasa superficie agroforestal condiciona que a zona estea pouco parcelada, presentando un alto valor natural.

DINÁMICA DA PAISAXE

Non se aprecia ningunha transformación significativa na paisaxe, conservándose nun perfecto estado natural, se acaso destacar que na zona centro hai un avance de terras de cultivo sobre a vexetación costeira.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

15 Os Cantís de Castromiñán e Denle constitúen un Espazo de Interese Xeomorfolóxico por ser espazos costeiros sobresaíntes pola súa excepcionalidade e singularidade física, polos seus caracteres xeomorfolóxicos e pola súa incidencia no imaxinario social como escenario da paisaxe litoral de Galicia. A unidade presenta un alto valor paisaxístico e natural recollido polas figuras de protección LIC e ZEPVN Costa da Morte, que ocupa toda a unidade a excepción da zona agroforestal. O sistema de dunas presenta un valor intrínseco propio, sendo formacións costeiras moi atractivas para uso recreativo. Os cantís mariños de suave pendente permitan interpretar unha paisaxe homoxénea que se estende pola recortada liña de costa e vese salpicado de fermosas e inalteradas praias. As mellores panorámicas pódense obter desde o Monte do Castelo.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



